



Ourizo

XUNTA DE GALICIA

Colección: **A Vida no mar salgado**

Idea e texto: **Fina Mosquera Roel**

Ilustracións: **Ana Sánchez Moreno**

Fotografía: **Miguel Sánchez Ortiz**

Edita:

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

D. X. de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro.

ISBN: 84-453-3358-5

Depósito legal: C-1722-2002

Imprime: Gráficas Sementeira



Ourizo

Nome científico: *Paracentrotus lividus*

Castelán: Erizo de mar

Éuscaro: I tsas triKu Arrunta

Catalán:garota

Inglés: Sea Urchin

Francés: Oursin

Eu son un ourizo.

O meu corpo é globoso, aplanado na base.

Teño unha casca dura rodeada de pugas robustas e móbiles que serven para defenderme e para desprazarme lentamente.

Polos orificios da miña casca saen uns pés ambulacrais que me axudan a andar polo fondo ou agatuñar polas rochas.



Estes ourizos viven nun acuario.

Normalmente vivimos formando grupos nas zonas costeiras rochosas.

Cada un de nós escava a rocha e instálase nun oco preto dos demais ourizos.

O que non é quen de facer buratos tápase con cunchas, con pedras ou con algas que colle utilizando os pés ambulacrais. Así, disfrazados, somos difíciles de atopar.



Ourizos no seu hábitat.

Aliméntome de algas, plantas mariñas e diminutos animais.

A boca téñoa na parte inferior e está formada por cinco pezas a modo de dentes. Chámanlle Lanterna de Aristóteles. Collo o alimento cunhas prolongacións rematadas en pinzas. Ademais, cos dentes raspo as rochas e vou comendo as algas que hai nelas.

O ano está na parte superior.



Mandíbula dun ourizo.
No centro poden verse os cinco dentes.

Temos sexos separados.

Uns ourizos somos machos e outros somos femias.

Nos machos as gónadas son de cor amarela crara ou parda, e nas femias, de cor amarela ou laranxa.

Machos e femias expulsamos á auga os nosos produtos sexuais, que son como diminutos ovos. A fecundación prodúcese cando se xunta o ovo dun macho co ovo dunha femia. De aí sairá unha diminuta larva que dará lugar a un ourizo.



Ós ourizos captúranos á man e mediante mergullo profesional.

A nosa parte comestible son as gónadas, e a época de comida é un tempo antes da posta dos ovos. Polo tanto, hai que ter moito coidado á hora de coller-nos, xa que se se fai sen control, podemos chegar a desaparecer porque non nos deixan reproducirnos. O tamaño mínimo legal é de 5,5 centímetros de diámetro.



Nas praias atópanse de cotío esqueletos de ourizo.
Poden empregarse como adorno.

Algún animal semellante:

A estrelamar.



Glosario

Gónadas: Glándulas reprodutoras.



Hábitat: Medio ambiente habitual dunha especie.



Mergullo: Actividade que se realiza baixo a superficie do mar cun traxe especial.



Outros títulos da colección

Polbo
Rodaballo
Ourizo
Xurelo
Mexillón
Peixe Sapo
Centola
Camarón
Percebe



Centola

Brais
Carme
Antón
Ana



Camarón

Na rede estamos en: pescagalicia.com



CONSELLERÍA DE PESCA E
ASUNTOS MARÍTIMOS
